CALENDARIO DAS REUNIÓNS DA SEGUNDA AVALIACIÓN

Día 16 de marzo:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:00 h.	3ºA E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:00 a 17:15 h.	3ºC P.M.A.R.	Aula Multimedia
de 17:15 a 17:45 h.	3ºB E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:45 a 18:15 h.	1ºA E.S.O.	Aula Multimedia
de 18:15 a 18:45 h	1ºB E.S.O.	Aula Multimedia
de 18:45 a 19:15 h.	2ºA E.S.O.	Aula Multimedia
de 19:15 a 19:45 h.	2ºB E.S.O.	Aula Multimedia

Día 17 de marzo:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:00 h.	2ºB Bac.	Aula Multimedia
de 17:00 a 17:30 h.	2ºA Bac.	Aula Multimedia
de 17:30 a 18:00 h.	1ºB Bac.	Aula Multimedia
de 18:00 a 18:30 h.	1ºA Bac.	Aula Multimedia
de 18:30 a 19:00 h.	4ºA E.S.O.	Aula Multimedia
de 19:00 a 19:15 h.	4ºC P.D.C.	Aula Multimedia
de 19:15 a19:45 h.	4ºB E.S.O.	Aula Multimedia

Aclaracións:

En beneficio de todos, prégase puntualidade. No caso de que tódolos membros da xunta de avaliación estivesen presentes poderíase adiantar a reunión.

O profesorado debe reflectir as notas da súa materia na aplicación XADEWEB, deste xeito o profesor/a titor/a poderá facer copias da actilla e entregalas na xunta de avaliación. Para facilitar a tarefa, débese facer antes das 24:00 h. do comezo da sesión de avaliación.

As notas serán entregadas polo titor a partir das 14 h. do venres 18 de marzo.

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 6

Marzo - 2016

8 de marzo, Día Internacional da Muller

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 870 223– Fax: 982 870 233
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://www.edu.xunta.es/centros/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A ***ORDE do 29 de xaneiro de 2016*** ten o obxecto de regular os permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ao servizo da Administración educativa da Xunta de Galicia.

As referencias que nesta orde se fan ao persoal funcionario debe entenderse incluído o persoal laboral docente que imparte as ensinanzas referidas no parágrafo anterior.

Os permisos regulados nesta orde nos artigos 5, 7, 8, 11, 13, 16, 17, 18, 19, 21 e 14.6.a) cando, neste último caso, o permiso teña unha certa periodicidade, as licenzas e as reducións de xornada serán concedidos polos titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



Os restantes permisos serán concedidos pola dirección do centro educativo.

Os prazos para resolver os permisos, licenzas e reducións de xornada regulados nesta orde son os seguintes:

a) Para as direccións dos centros educativos: **tres días hábiles**.
b) Para os titulares das xefaturas provinciais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria: **dez días hábiles**.

O silencio administrativo terá efectos positivos.

Naqueles supostos recollidos no artigo 3 desta orde, nos cales por razón de urxencia o persoal funcionario docente necesite gozar do permiso de forma inmediata, en función da propia natureza do permiso, poderá iniciar o gozo deste logo de comunicación verbal ou por outro medio ao órgano competente para concedelo. A concesión do permiso deberase confirmar ou denegar mediante a pertinente resolución.

As resolucións das direccións dos centros poderán ser impugnadas mediante recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, perante o/a xefe/a territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

As resolucións dos titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderán ser impugnadas mediante recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación, perante o director xeral de Centros e Recursos Humanos.

Posteriormente, o día 1 de marzo de 2016 ,saíu publicada a ***ORDE do 24 de febreiro de 2016*** pola que se amplía a Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente que imparte ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que recolle algún caso máis non estipulado inicialmente.

Enlace ao DOG: **Orde do 29 de xaneiro de 2016** (http://www.xunta.es/dog/Publicados/2016/20160215/AnuncioG0164-050216-0002_gl.pdf)
Orde do 24 de febreiro de 2016 (http://www.xunta.es/dog/Publicados/2016/20160301/AnuncioG0164-260216-0001_gl.pdf)